

**A Guerra Civil española
na obra dos escritores exiliados galegos**

María Xesús Lama López

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LAMA LÓPEZ, MARÍA XESÚS (2011 [2006]). “A Guerra Civil española na obra dos escritores exiliados galegos”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 38-53. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1141>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LAMA LÓPEZ, MARÍA XESÚS (2006). “A Guerra Civil española na obra dos escritores exiliados galegos”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 38-53.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

durante a guerra no poema titulado “Consinias” (“a execución isolada,/.../ a matanza colectiva nas estradas/...), unha realidade dominada polo terror, que obriga a esperar un tempo de liberdade, identificado coa liberdade nacional: “pro día impreciso/ do rexurdimento do pobo supriciado,/ a sinxela inocencia” (Seoane 1990 [1959]: 53-54).

A memoria novelada

Resulta curioso observar que, fronte á relativa inmediatez do tratamento da experiencia bélica na produción poética, na narrativa é moito máis tardío e xorde en forma de memorias noveladas. Tres obras saíron da pluma dos exiliados galegos sobre este tema: *Non agardei por ninguén* de Ramón de Valenzuela Otero (1957), *O silencio redimido* de Silvio Santiago (1976) e *Terra coutada* de Antón Fernández Pérez (1990)⁹. Trátase de textos narrados en primeira persoa que serían auténticas novelas de aventuras de non ser porque a acción se corresponde rigorosamente coas vivencias dos propios autores. Nas dúas primeiras trátase dun narrador protagonista, mentres que o narrador testemuña da terceira novela relata a historia dun mestre amigo seu, trasunto do autor, que non toma a palabra directamente no texto. O inevitable realismo de semellantes testemuños vehicúlase polo camiño da literaturización e da pretendida ficcionalización.

A experiencia dos tres autores serve para ilustrar diferentes situacións e vivencias da guerra desde distintas perspectivas. O protagonista do libro de Valenzuela pasa por diferentes peripecias nun intento de fuxir ou agacharse das cuadrillas fascistas, ata que se alista no exército franquista. Desde alí intenta desenvolver algún labor favorable para os prisioneiros republicanos e o seu testemuño amosa un exército rebelde sementado de disidentes que se afanan por servir dalgún xeito ao bando republicano en territorio inimigo e soñan con pasarse ao outro bando. Iso é precisamente o que fai Gonzalo Ozores, trasunto do autor, e con este éxito final termina o relato. Silvio Santiago, en cambio, presenta na súa novela a situación paradigmática dun fuxido a Portugal para quen a persecución continúa aínda do outro lado da fronteira, pois a ditadura salazarista colabora activamente cos fascistas españois. O seu paso previo pola cadea na Galicia dominada polo bando nacional engádese nun longo epílogo que dá testemuño, tamén con detalle, do desapiadado réxime de terror que se exerceu contra os republicanos nos territorios sometidos aos sublevados, onde eran detidos e linchados masivamente¹⁰. Por fin, na novela de Fernández Pérez destaca a visión de dous personaxes alleos ao compromiso político a través

⁶ O prólogo ao libro é unha carta asinada por Eduardo Dieste en setembro de 1938 e nela non fai referencia ningunha aos poemas máis combativos, que se engadiron ao libro máis tarde. Claudio Rodríguez Fer (2001: 60) explica a xénese do libro en relación con esta carta a partir das palabras do autor en dúas cartas conservadas no arquivo de Carmen Muñoz.

⁷ Emigrado aos 12 anos, regresou a Galicia en 1933 coa proclamación da República, pero volveu para Bos Aires en 1934.

⁸ Claudio Rodríguez Fer (1999) engádelle á poesía unha serie de artigos xornalísticos recollidos de diferentes medios e o relato titulado “El fusil”, publicado en *El Mono Azul*, igual cá maior parte dos poemas.

⁹ A publicación das tres obras dista moito temporalmente dos feitos novelados. A máis temperá foi publicada en Bos Aires case vinte anos despois, mentres que as outras dúas aparecen en Galicia xa despois de rematada a ditadura. No caso da novela de Silvio Santiago ofrécesenos na lapela a información de que durante moito tempo a censura impediu a súa publicación, polo tanto non sabemos exactamente a data da súa redacción. Así mesmo, na de Fernández Pérez, infórmase de que a editorial xa anunciara nos anos cincuenta a súa publicación nos seus catálogos, o que non puido cumprirse polo tema que trata, e vai introducida por un prólogo de Otero Pedrayo asinado en Trasalba en 1968.

¹⁰ Esta terrible situación rexístrase tamén nas memorias noveladas de María Victoria Villaverde (1987), esposa de Ramón de Valenzuela e filla do alcalde republicano Elpidio Villaverde. Dividida a súa obra en tres partes, dedica a segunda ao período comprendido entre o pronunciamiento militar e o momento en que consegue saír do país coa súa nai e irmáns cara a Francia. A tensión crecente que vive a familia, agachada e ameazada, adóbiase co relato dos terribles asasinatos que acontecen na vila e que ilustran con natural dosificación a crecente barbarie con que se comportan os fascistas no seu territorio.

dos cales se pretende dar unha perspectiva desapaixonada da contenda: o narrador é un comercial santanderino que por razóns profesionais se establece en Portugal meses antes do inicio da guerra e desde alí é testemuño do paso dos fuxidos e a súa perigosa relación coas autoridades portuguesas. El é quen nos conta a historia do seu amigo e protagonista, un mestre humanista que é detido nos primeiros momentos do levantamento polos defensores da República por ser sobriño do cura e que inmediatamente, ao cambiar as tornas, pasa a ser obxecto da máis encarnizada persecución dirixida polo xefe da falanxe da súa vila con quen tivera un enfrontamento persoal por cuestións amorosas.

Nos tres casos hai un claro vencello entre as peripecias vitais dos autores e as vivencias dos protagonistas das súas novelas: Gonzalo Ozores na novela de Valenzuela, Carlos Aranda na de Silvio Santiago e Ramón Cudeiro na de Fernández Pérez. Agora ben, se a diferenza entre a novela autobiográfica e a autobiografía reside no carácter ficcional do narrador autodiexético, cómpre analizar ata que punto se elabora esa ficcionalización, máis alá da utilización dun nome inventado. Lamentablemente, non dispomos de biografías amplas e detalladas dos autores que nos permitan comprobar a veracidade ou o carácter ficcional de cada un dos episodios narrados arredor da historia central da narración, que é declaradamente autobiográfica, mais na medida do posible sinalaremos algúns paralelismos e converxencias.

Ramón de Valenzuela (1914-1980) pertence a unha familia acomodada, pois o seu pai é médico e marcha da súa vila xa para estudar o bacharelato en Santiago e, máis tarde, continuará facendo a carreira de Filosofía e Letras e de Maxisterio. O seu compromiso galeguista materialízase en 1935 ao facerse membro das Mocidades Galeguistas e ser nomeado conselleiro do partido para a zona de Lalín-A Estrada no congreso dese ano. Cando se produce o levantamento é detido e encarcerado en Compostela, de onde logra saír por influencias da súa familia para enrolarse como voluntario no exército golpista e pasar na fronte ao bando republicano. Do mesmo xeito, na novela Gonzalo Ozores é presentado coma un rapaz de clase acomodada, que suscita un trato de respectuosa distancia aos rapaces da vila, pois o que será o seu guía na fuxida ao monte trátao de Don Gonzalo e cun respecto que denota a conciencia dunha diferenza social insalvable, aínda que está a xogar a súa propia vida para axudalo a fuxir. Nesa fuxida entra en contacto cun grupo de mozos da comarca que se botaran ao monte para organizar unha resistencia armada, episodio que serve para

presentar o desamparo e abandono en que se encontran os que quixeron manter esta opción no territorio ocupado polos sublevados. En cambio, non se alude ao paso do autor polo cárcere de Santiago, e o seu personaxe pasa dese intento de fuxida polos montes á saída da clandestinidade por medio do alistamento nas filas do exército nacional, grazas á influencia dalgúns familiares. Cunha personalidade presumiblemente próxima á do autor, e sentimentos cos que el mesmo podería identificarse en cada situación, o personaxe protagonista vive as súas propias aventuras sen que poidamos detectar a veracidade do acontecer da narración máis ca nunhas liñas xerais arriba sinaladas. Así, o narrador autodiexético, cun dominio total do material narrado, conduce ao lector por unha serie de vivencias que poñen de manifesto o seu compromiso insubornable coa defensa da República, aínda na máis difícil das situacións. Por outra banda, o carácter dos inimigos preséntase degradado a través da figura do Comandante Xuíz de Instrución baixo as ordes do cal se encontra un home deforme, borracho e irascible, que sementa o terror no seu territorio; aínda que noutras ocasións se recoñeza a súa calidade humana, como é o caso ou mesmo por medio da moza falanxista coa que ten unha aventura galante, que se entrega ao seu ideal cun entusiasmo lindeiro no fanatismo, a pesar do seu nobre corazón¹¹. Pola contra, nas filas dos republicanos infiltrados no bando nacional abundan as actitudes heroicas como a do mestre de Rodeiro que está de escribente na comandancia militar e manipula a correspondencia secreta, a rapaza que fai misións de espionaxe ou Pepe Ansele, o rapaz que dirixía a partida da guerrilla que andaba no monte e que logo exerce de cabo en Oropesa, onde ten o seu cuartel a Lexión Cóndor alemá e desde alí vai servir aos intereses republicanos. Xunto a eles, o propio narrador inclúese nas filas dos que se xogan a vida a cada paso por ser fieis aos seus ideais. Así e todo, cómpre sinalar que hai un momento na novela en que irrompe unha voz que cuestiona unha análise racional da realidade condicionada polo contexto de violencia: trátase da voz do Naranxo, un personaxe querido para o autor, que o vai converter en protagonista dos seus relatos breves, a voz dun demente particularmente lúcido que cuestiona toda a aparente lóxica do enfrontamento bélico nun arremedo de debate ideolóxico cos mozos guerrilleiros botados ao monte:

NARANXO. Gañar non ides gañar ningún dos dous. A paus e a tiros nunca nada de lei se arranxou. [...] Vós saberedes o que tendes para perder. A un mundo mellor, sementado de xenreira, non

lle vexo trazas, e vós sodes os que tendes que o facer porque tendes ideas. O resultado desta loita non ten nada que ver co porvir do voso pensamento porque esta loita é un preito sen xuíz, que vai durar máis que os preiteantes, que vai durar tanto como os herdeiros. (Valenzuela 1989 [1957]: 77).

Pero esta visión distanciada dos acontecementos que pode ofrecer o tolo é só unha entelequia intelectual que os protagonistas poden albiscar, pero non poden asumir vitalmente, pois eles son arroidos polos acontecementos que anulan o seu libre albedrío e os empuxan a actuar nunha pura loita pola supervivencia física. O heroísmo dos personaxes, xa que logo, deriva do empeño en manterse en pé tamén na loita por sobrevivir espiritualmente, permanecendo fieis aos seus ideais.

En canto á obra de Silvio Santiago (1903-1974), a elaboración da historia desde o punto de vista narrativo iníciase co xogo de perspectivas que se pretende establecer entre dous personaxes que actuarán como narrador autodiéxico e narratario. O protagonista preséntase co nome de Carlos Aranda, que se revela como unha identidade falsa que utilizou para poder conseguir un pasaporte en Portugal que lle permitise emprender a viaxe cara a América. O autor, efectivamente, foxe para Portugal durante os primeiros meses da guerra, despois de pasar por unha traumática experiencia de cárcere mentres o seu irmán era asasinado. Esta é a experiencia que narra o personaxe nun manuscrito dirixido a un amigo co que compartira pensión en Bogotá, coa pretensión de xustificarse por un comportamento que podería pór en dúbida a súa honorabilidade ao fuxir inesperadamente da cidade. O manuscrito divídese en dúas partes: a primeira escríbese para explicarlle ao amigo receptor da carta as dificultades para saír de Portugal rumbo á América, que explican a necesidade de adoptar a falsa identidade de “Carlos Aranda” coa que aínda está a vivir, e que lle obriga a evitar conflitos coa xustiza ou a policía; a segunda parte narra a participación nas actividades políticas durante a república e a súa detención no cárcere de Valmaior ata que o liberan e foxe para Portugal. Esta segunda parte ten en principio outro receptor implícito que é o policía portugués Alfredo Guerra, que lle axudou a saír de Lisboa e lle pediu que intentase axudalo desde América para poder fuxir el tamén algún día do réxime salazarista. Ao contrario do que sucedía coa novela anterior, aquí o personaxe non ten ningunha oportunidade de actuar heroicamente, pois deseguida é feito prisioneiro, e logo convértese nun eterno fuxitivo. É especialmente impresionante a narración dos días pasados na cadea á espera de ser paseado na

¹¹ Maceira (1995: 92-98) sublima a obxectividade coa que Valenzuela se enfrenta aos personaxes dos dous bandos, chamando a atención para personaxes como Vieites, o soldado galego de dereitas que o axuda e o coida cando enferma, ou o cabaleiroso e culto alférez de Las Navas. A cara negativa dos personaxes republicanos non está tan representada, malia ser certo que son poucos e resistentes os que pode encontrar no período que abranxe a acción.

madrugada. Pero, ademais, danse múltiples detalles de personaxes da vida pública, do proceso de rebelión militar que desemboca na guerra, da sublevación dos xenerais galegos nos primeiros días do levantamento ou da vida cotiá con todos aqueles que lle axudaron ao protagonista nas diferentes fases da súa fuxida.

O primeiro capítulo, baixo o título de “Noticia”, é unha especie de prólogo introdutorio onde se presenta o encontro entre o protagonista autor das memorias e o seu amigo, outro refuxiado de orixe galega, que se vai converter en receptor e transmisor do manuscrito. Esta “Noticia” funciona como marco de ficcionalidade onde o narratorio, ademais, expresa as súas consideracións sobre a pertinencia de facer públicos os escritos que lle foron confiados quince anos antes e o obxectivo de buscar unha especie de xustiza compensatoria para os vencidos a través da difusión do seu drama:

E aí van, sen que o tempo as envellecera nin lles minguara interese. Infelizmente, a historia que se conta non ten idade; é de calquera tempo, de calquera país e pódelle acontecer a calquera persoa. Mesmo a ti, lector, se non che aconteceu xa.

E aí van, tamén porque as dúas partes ou as dúas rectas, como sinala o autor, sen matinado propósito seu, por simple carambola, veñen redimi-lo silencio de tantos infelices que calaron as súas pesadumes; de tantos magoados anonimamente por estarrecedoras angurias sen deixar, por incapacidade ou imposibilidade, testemuño escrito das súas dolorosas circunstancias.

Penso que espalla-la voz destes silencios, desenterrándoa dos espíritos apouviñados, ou que se imaxinan apouviñados, cecais sexa unha das primeiras razóns que me empurraron á publicación desta vella e sempre renovada historia.
(Santiago 1989 [1976]: 18)

Chama a atención esta irrupción do autor implícito coa clara intención de destacar o aspecto intemporal da historia, a pesar da súa vinculación a un momento e a un acontecer históricos ben concretos. Trátase precisamente de desvencellar a obra do carácter de obra de circunstancias nun hábil intento de resaltar o carácter universal da experiencia da persecución e a represión nun estado de guerra, buscando así superar o puro relato histórico-testemuñal, o que se subliña co subtítulo da novela: *O silencio redimido. Historia dun home que pode ser outro*. O autor, que irrompe no eido da creación literaria desde a plena madurez, xa pasados os 60 anos¹², e cunha longa traxectoria de activismo cultural no exilio venezolano, amosa a súa capacidade de distanciamento da propia

experiencia biográfica para extraer unha parábola de interese xeral. Un distanciamento que intenta plasmar nese desdobraemento da instancia do narrador dándolle prioridade á focalización dun narrador neutral, convertido en mero transmisor obxectivo de documentos, que presenta as memorias do protagonista como motivadas polo intento de xustificar unha fuxida, un comportamento estraño e aparentemente deshonoroso, e que parece deixar a porta aberta á decisión do lector de concederlle credibilidade ou non. Así e todo, o intento de obxectividade resulta cuestionado pola afinidade ideolóxica dese narrador-transmisor, que é tamén un exiliado galego. Polo tanto, o dobre narrador non implica unha visión dialóxica da realidade nin permite superar o canon naturalista e as súas pretensións de fidelidade aos acontecementos relatados. Pero non por iso cae o autor na tendencia á mitoloxización do pasado frecuente nos relatos histórico-testemuñais, senón que se busca a obxectividade a través de estratexias como a introspección autocrítica, que se agudiza especialmente no relato da experiencia carceraria. O protagonista non dubida en recoñecer o pánico que o domina como consecuencia da tortura psicolóxica a que o somete o carcereiro, xogando coa certeza da inminencia da súa morte (1989 [1976]: 183-205). Por outra banda, relativiza o valor do seu compromiso político: o seu interese polas ideas de esquerdas non parece ir máis alá dunha natural curiosidade intelectual, e por iso as represalias que sofre semellan absurdamente desproporcionadas e dan unha mellor medida do réxime de terror que se implanta baixo a man implacable dos vencedores, que converten os anos de democracia vividos durante a República nunha trampa mortal:

Era unha inmensa barbaridade o que me acontecía en comparanza coa miña miúda significación. Sen razón algunha estaba no cárcere; sen razón algunha tíñanme incomunicado; sen razón algunha falábanme da morte. E estas senrazóns anguriábanme, porque, certamente, polas mesmas senrazóns podían matarme en calquera intre, como me dixera o tal Alcázar: “Se se comproba que es sindicalista, estás listo”. E era fácil a comprobación, dado que eu mesmo o declarara cando me prenderan. Dixen que era sindicalista de Pestaña con igual sentimento de inculpabilidade que diría os anos que tiña, se mo preguntasen. Eu fixérame sindicalista cando calquera podía selo legalmente; e agora resultaba que aquel poder se-lo que un quixera non era máis que unha trampa maliciosamente consentida para logo pedirlle contas ós que nela caesen.

Con este discernimento, sentín nun repente esvaírense as resistencias. Fraqueáronme as

pernas, os brazos e o espírito. (Santiago 1989 [1977]: 183)

Nese imperio da irracionalidade, a fronteira entre a vida e a morte é inestable e impredecible. O home constata a súa radical insignificancia e a anulación total do libre albedrío que o converte nun monicreque en mans dun tráxico destino. Anulada calquera capacidade de acción polo imperio da forza bruta, ningunha actitude heroica é posible. Nesa situación o azar convértese en axente decisivo e así, polo azar de chegar a tempo o seu valedor, salva a vida o protagonista mentres moitos outros ao seu arredor van sendo asasinados.

Como consecuencia desta experiencia aniquiladora, a recuperación da liberdade vívese cun intenso sentimento de irrealidade: “Tampouco me era dado goza-la firmeza da liberdade conseguida; imaxinábame ceibe só por experimento e camiñaba como dirixido, tal que se dende unha das xanelas do cárcere me fosen largando corda para reparar no meu andar” (Santiago 1989 [1977]: 23). Despois, a inmediata fuxida para Portugal e as dificultades provocadas pola necesidade de ocultarse das autoridades portuguesas, cómplices dos sublevados en España, xunto coas xestións para marchar cara a América, que se narran na primeira parte, vanse debullando como unha sucesión de elos polos que o protagonista transita case automaticamente. A intensidade do terror experimentado na cadea acaba por ter o efecto de liberalo definitivamente do medo, tan decidida é a convicción de non estar disposto a pasar por esa experiencia de novo, e así entrégase á acción, axudado por algúns portugueses solidarios que o conducen dun contacto a outro ata lograr o seu obxectivo de saír dun país onde aínda corría perigo de ser capturado de novo. A estrutura da narración ten así unha planificación gradual que conduce ao lector por unha espiral en dirección presente-pasado na que vai aumentando o dramatismo, a pesar de que o lector coñece desde o comezo o desenlace positivo para o protagonista, de tal xeito que o feito concreto da súa supervivencia individual non anula a intensidade devastadora da barbarie asasina que afecta colectivamente ao pobo durante a guerra.

Ben diferente é o enfoque da novela de Antón Fernández Pérez (1909-1998). En *Terra Coutada* nárrese a historia do mozo mestre Ramón Cudeiro que é vítima dunha persecución provocada pola xenreira dun inimigo persoal que aproveita o caos producido pola guerra para dar cabo das súas ansias de vinganza con total impunidad, e tanto é así que o malvado Nelo Ventura non renuncia ao seu obxectivo mesmo cando Cudeiro regresa, anos despois de rematada a contenda. Esta obra acostuma encontrar na crítica o beneficio da apreciación

¹² Publica a súa primeira novela, *Vilardevós*, en 1961, cando xa está instalado en Galicia, a onde regresara en 1958. Esta circunstancia explica, probablemente, que a novela que nos ocupa tivese que esperar á chegada da democracia para poder ser publicada a pesar de tela escrito o autor, segundo se informa nos paratextos, moitos anos antes. Non temos datos que nos permitan precisar exactamente a data de redacción, pero parece posible que fose case contemporánea da obra de Valenzuela, aínda que o feito de residir o autor en Galicia imposibilita mesmo a súa publicación no exterior, que podería atraerlle perigosas consecuencias.

positiva polo maior grao de ficcionalización que nela se produce, seguramente intensificado porque adopta a perspectiva dun narrador-testemuña. Así e todo, o feito de que a voz narradora sexa a de Luís, un amigo do protagonista que sente por el un aprecio incondicional, só permite unha maior impunidade para proxectar a imaxe de Ramón Cudeiro desde unha perspectiva de idealización acrítica que o pudor impediría ao eu protagonista. A historia vén adobiada cunha peripecia romántico-folletinesca que desvía a causa xeradora da violencia que afecta a Ramón desde a confrontación política a unha rivalidade persoal escasamente xustificada, de xeito que a maldade innata do antagonista se ergue como único motivo das desventuras do mozo e bondadoso mestre. Así pois, Ramón Cudeiro, que fora detido nun primeiro momento polos que pretendían manter a orde republicana, a pesar de sufrir despois a persecución baixo o imperio dos sublevados mantén unha actitude de pretendida ecuanimidade que lamenta o enfrontamento fratricida máis cá actuación violenta dun dos bandos contendentes sobre o outro.

Quen somos e de onde vivimos

O xénero memorialístico é unha parcela especialmente marxinada nos estudos da nosa literatura e ao mesmo tempo adquire unha relevancia especial en relación co tema que nos ocupa. Son cada vez máis as memorias, crónicas e relatos autobiográficos que van aparecendo no sistema literario galego das últimas décadas, de xeito que aquí só se pretende agora facer un pequeno apuntamento que pode servir de chamada de atención sobre a necesidade de reparar nestas obras e animar ao seu estudo. Os textos que fan referencia á Guerra Civil agrúpanse en dúas pólas diferenciadas pola selección dos materiais narrados: a memoria persoal e a memoria política. Nesta última o autor detalla as vivencias profesionais no eido da vida pública máis ca o acontecer cotián que afecta ao destino persoal. No primeiro grupo podemos considerar obras como as de Alonso Ríos¹³, Xerardo Díaz Fernández e Elixio Rodríguez, mentres que no segundo caso se encontrarían as de Castelao, Tobío e Luís Soto.

A obra de Antón Alonso Ríos (1887-1980) ilustra quizais a peripecia máis peculiar, pois conseguiu evadirse dos seus perseguidores disfrazado de mendigo portugués polos camiños de Galicia e traballando de criado en casas de labranza durante os tres anos que durou a guerra, ata que puido fuxir a Portugal e, desde alí, en barco a Bos Aires. Así e todo, o feito de ser o autor un persoeiro destacado da vida política vai sementando o relato de datos

que dan tamén unha visión da dimensión colectiva da represión, sobre todo nos primeiros días despois do levantamento. Sería este un exemplo perfecto da modalidade das “memorias” que se cinguen ao relato do acontecido nun período temporal moi concreto e limitado.

Algo semellante fai Xerardo Díaz Fernández (1907-1992), que dedica dous volumes a narrar as súas vivencias durante os anos de encerro na cadea, o primeiro centrado nos dous primeiros anos pasados na prisión de Santiago, e continúa no segundo contando as experiencias carcerarias a partir do seu traslado para a prisión provincial da Coruña. Os títulos dos dous libros, *Os que non morreron* (1982) e *A crueldade inútil* (1985), son significativos do que pretende o autor: amosar a vida daqueles que salvaron a súa vida, e pouco máis cá vida, naqueles tempos de barbarie e que foron testemuñas e vítimas da crueldade gratuíta. Trátase duns documentos que transmiten con extraordinaria fidelidade a vida do día a día na cadea. O autor, que, segundo informan os seus familiares, anotaba nun caderniño e en papeis soltos que chegaban ás súas mans os detalles das conversas cos seus compañeiros e dos acontecementos da prisión, fai un relato do sentimento de impotencia e absurdo dos miles de homes mozos capturados, sen posibilidade ningunha de defensa e expostos á crueldade do inimigo. As despedidas dos que marchan para ser fusilados na madrugada, a caída no desvarío e na loucura de moitos presos, o sufrimento físico causado polo frío e polas enfermidades ou as miserias da convivencia en condicións materiais infra-humanas adobíanse coas conversas que amosan a personalidade dos homes que se encontran obrigados a pasar o tempo encerrados e temendo pola súa vida.

Tamén relata a súa experiencia na prisión Elixio Rodríguez (1910-2007), pero a súa sorte foi ben diferente, porque conseguiu saír e alistarse no exército franquista para pasarse despois ao bando republicano. Así e todo, o título da súa autobiografía, *Matádeo mañá* (1994), é indicativo da pegada que lle deixou o seu paso polas mans do inimigo. Con estilo conciso o autor resume de forma contundente os métodos do estado de terror que se implanta en poucos días, convertindo os veciños de trato cordial en encarnizados inimigos e sometendo os prisioneiros a un exterminio sistemático, mais carente de toda lóxica, de maneira que era imposible valorar o risco real de cadaquén e, polo tanto, o terror domina sempre, tal e como el o percibe no cárcere do mosteiro de Celanova:

Como queda dito, daquel cárcere saía cada noite un grupo de presos para o chamado “paseo”, é dicir, para seren asasinados polos falanxistas nas

gábias das estradas. Por esa razón, non podíamos concilia-lo sono ata a madrugada, despois de saíren as últimas vítimas —pois ninguén tiña a seguridade de non ser seleccionado para a postrema viaxe—, ocasionando que todos vivisemos desvelados e, ademais de sucios, aterrorizados.

Intrigábanos non saber que normas seguían os nosos inimigos para elixir-las súas vítimas de cada día. Pois dábase o caso de que, mentres significados republicanos —e aínda comunistas— seguían vivos semanas e semanas, eran paseados inmediatamente outros infelices sen máis mérito có de pertenceren a algún partido republicano ou votaren nas eleccións a un candidato da esquerda.

O que si se sabía era que os galeguistas erámo-los que corriamos máis perigo, por considerárennos como os maiores inimigos dos ideais do Movemento; baseado este principalmente na férrea e centralista unidade da patria española.

Desta trapela consegue saír Elixio Rodríguez grazas á axuda dalgúns amigos da familia que conseguen que poida alistarse como “voluntario” da Lexión, pero pola súa capacitación profesional de piloto axiña é rescatado da lexión para converterse en oficial da Aviación. Desde esta posición adquire un estatus que lle permite mesmo volver á súa terra e visitar o seu pai, ou alternar con altos xefes do bando sublevado, como por exemplo o xefe da Falanxe Española. Pero a pesar diso, non desfalece nos seus ideais e tras varios intentos frustrados, por fin consegue voar ata a zona republicana, en Xibraltar, onde despois de pasar por Tánxer chega a Alacante e alí é vítima dunha acusación falsa de espionaxe que o somete a un xuízo sumarísimo. Sálvase de ser fusilado pola intervención no seu favor de Castelao e ata da Pasionaria, e logo segue o destino de tantos republicanos, marchando para Barcelona coa retirada do Goberno, e logo da toma desta cidade para Francia e despois a México, onde refixo a súa vida acadando unha xeitosa prosperidade. Nun epílogo final reflexiona sobre os seus motivos para escribir esta autobiografía, que o autor parece reducir a un desexo de dar a coñecer a súa experiencia principalmente no ámbito familiar, para que as novas xeracións xa mexicanas sexan conscientes de quen foi o seu devanceiro.

Para finalizar, habería que ter en conta polo menos outras tres obras de carácter biográfico e memorialístico que ilustran acontecementos que tiveron lugar durante a guerra, tres pezas destacadas do xénero ensaístico en galego¹⁴. A primeira é un clásico do ensaio político en galego. Trátase de *Sempre en Galiza* de Castelao. O complexo e prolongado proceso de creación do libro deriva nunha estrutura organizada en 5 partes que se corresponden con diferentes períodos. Dentro dese conxunto interesa

¹³ A pesar de que Alonso Ríos é unha figura significada na actividade política, a súa obra limitase a explicar as súas experiencias como fuxido e o acontecer cotián para buscar albergue e sustento. Algo semellante acontece coas memorias de Juan Noya (1900-1989), *Fuxidos* (1996 [1976]) aínda que, ao abarcar unha biografía completa, no relato do período anterior á guerra explica a súa actividade como concelleiro e tenente de alcalde na Guarda, mentres que despois de estalar a guerra, anulada a súa vida pública e convertido nun fuxido, céntrase nos pormenores da súa vida diaria que é unha continua trasfega condicionada pola pura loita pola supervivencia. Esta obra foi publicada inicialmente en Caracas, pois os seus fillos emigraron a Venezuela e el pasou alá un tempo.

¹⁴ Outra obra que se podería ter en conta é a biografía de Alexandre Bóveda, publicada polo seu cuñado Xerardo Álvarez Gallego, exiliado en Cuba, baixo o título *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972). De maneira detallada, ordenada e documentada preséntase toda a vida de Bóveda desde a súa mocidade ata o seu fusilamento en agosto de 1936. O estilo ameno e apaixonado contén a marca do especial vencello do autor co personaxe biografado, correlixionario nas filas do galeguismo ademais de irmán político, e engade a viveza de quen foi testemuña directa de moitos dos momentos narrados, desde as reunións políticas ata a trágica despedida, momentos antes do fusilamento.

para o noso tema a terceira parte, o Libro II, escrito por Castelao durante a súa estada en Nova York e na viaxe en barco de alí a Bos Aires. É aquí onde o autor revisa, cunha visión renovada desde a perspectiva do exilio, a vivencia da Guerra Civil e a presentación ou a valoración de certos acontecementos que comentara durante a guerra nos artigos e discursos que recolle no Libro I. A actitude política de Castelao ante as forzas republicanas españolas cambiara, e por iso ao comezo anuncia: “xa se cancelaron os convenios políticos que me obrigaban a calar”. Trátase, polo tanto, de dar unha visión íntegra dos acontecementos políticos baixo o Goberno republicano durante os anos da guerra, en canto atinxe aos intereses de Galicia. É, pois, aquí onde se revelan os malabarismos políticos necesarios para acadar a aprobación nas cortes do Estatuto galego, que se lle entregara ao presidente da Cámara, despois de ser aprobado en plebiscito popular, poucos días antes do alzamento militar e polo tanto quedara en fase de tramitación. As dificultades causadas pola actuación desleal dos políticos republicanos levan ao autor a unha visión moi crítica co Goberno republicano, ao que culpa da derrota, e a unha reafirmación nos principios do galeguismo e da proposta federalista.

A segunda é outro monumento do memorialismo que se debe a Luís Tobío (1906-2003), diplomático do Goberno da República, que baixo o título *As décadas de T. L.* rememora toda a súa experiencia vital desde a infancia en Viveiro ata a data de publicación, 1994, a novena década da súa vida. É entre a terceira e a cuarta década onde encontramos as súas vivencias relacionadas coa Guerra Civil: son pouco máis de 60 páxinas dunha voluminosa autobiografía que recolle seis décadas ao longo de 700 páxinas, onde se ofrece unha visión calma e co ton dunha crónica que pretende ser obxectiva e desapaixonada¹⁵. A visión externa que vén determinada pola súa profesión de diplomático da República recóllese nas escasas páxinas que se refiren aos primeiros meses da guerra, onde segue a vivir como agregado da embaixada en Sofía e permítenos coñecer outra fronte da guerra: o da diplomacia, onde se comezan a configurar adscripcións aos dous bandos en loita. Tobío mantense indubidablemente fiel á República, pero o seu embaixador, empuxado polo sentido práctico e en vista da evolución da contenda, pásase ao inimigo. Pouco despois regresa para incorporarse en Valencia a unha misión no Ministerio, de onde dá conta das súas informacións, das súas misións de inspección a distintos consulados e emite xuízo sobre os líderes políticos do momento e sobre o ambiente xeral baixo o estado de guerra. Pero aínda é destinado durante uns meses á fronte, e durante o período de instrución vive o bombardeo de Granollers. Como oficial de tiro participa nunha batalla en Mora de Ebro, pero pronto consegue retornar á retagarda na asesoría xurídica do

Ministerio de Defensa. Co final da guerra, saen para Francia por Figueres e de alí marchan a México para instalarse definitivamente en Uruguai.

Por último, Luís Soto (1902-1982) inicia a súa biografía cun primeiro capítulo que resume a súa infancia e mocidade ata a proclamación da guerra que o obriga a agacharse na casa da irmá dun cura amigo e logo a fuxir vestido de frade e a vivir en palleiros e alboios ata que consegue saír para Portugal. Coa fuxida por Portugal en abril de 1937 cara a Bordeos e o paso de Francia á zona republicana, iníciase a súa actividade ao servizo da República. Soto obvia a peripecia persoal e centra as súas memorias en narrar todas aquelas actividades que teñen unha transcendencia política ou político-cultural, como se pode intuír desde o título: *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983). Como secretario de Castelao, Soto relata actividades que o propio Castelao obvia na súa obra, como as viaxes á URSS e a América (EUA., Cuba, Arxentina) para pedir axuda para a causa da República. Talvez é esta a autobiografía máis afastada da orde estritamente ditada pola sucesión cronolóxica dos acontecementos¹⁶, pois desde o capítulo VII volve aos seus anos mozos para relatar a famosa revolta dos escolantes e os seus contactos co Partido Comunista ata facerse militante, para volver no capítulo X a recoller o fío do tempo e narrar as súas vivencias despois de marchar ao exilio en México, onde participa en todas as iniciativas culturais dos galegos cun papel moi destacado.

4. Os problemas da memoria dos vencidos: como, cando, onde, por que

Á vista deste corpus, que reflicte os anos da guerra desde diferentes perspectivas, retomamos a cuestión inicial: a valoración de cómo a experiencia da Guerra Civil condicionou, estruturou e influenciou o discurso literario. Na miña opinión, a influencia da situación histórica sobre a forma é evidente, pois hai nestes textos un claro predominio da chamada “literatura do eu” nas súas diversas formas: biografía, memorias e memorias noveladas, mentres no xénero poético se delimitan dúas vertentes: a satírica de estilo popular e a testemuñal de carácter elixíaco ou combativa. Así e todo, isto non é algo ineludible. O feito de vivir un feito traumático de alcance colectivo e de transcendencia histórica podería estimular os que o soñen non só a transmitir a súa experiencia persoal, senón tamén a intentar manter viva a memoria daqueles que non sobreviviron e entregaron a súa vida confiando en que o seu sangue, efectivamente, sería semente que chegaría a abrollar algún día a través do manto de terra que os vencedores lle botaban enriba. Pero a literaturización da barbarie e da violencia, do enfrontamento entre veciños e a vinganza persoal, ou da resistencia heroica e a fuxida, ten que esperar ás

xeracións seguintes, á aparición de autores que non viviron a contenda e que se interesan pola forza dramática dun feito histórico que devastara a súa sociedade na xeración dos seus pais ou dos seus avós, e tamén pola importancia de transmitir a memoria daqueles feitos.

Non se pode deixar de observar a distancia temporal entre as datas de publicación das obras e o final da guerra. Mesmo a novela de Valenzuela, a primeira publicada sobre o tema, aparece en Arxentina case vinte anos despois dos feitos que narra. Tamén chama a atención que, vivindo todos os autores longos anos no exilio e polo tanto gozando dun contexto de liberdade e mesmo dunhas infraestruturas editoriais, especialmente en Bos Aires, non aparezan estas obras ata que a transición permite a súa publicación en Galicia. Cumpriría saber ata que punto influíu neste feito o desexo dos exiliados de non sementar discordia na comunidade emigrante, que xa vivira unha división importante a consecuencia da guerra entre os defensores dun bando e doutro. A busca de unidade baixo o paraugas totalizador da defensa dos intereses de Galicia e a aspiración a integrarse nunha comunidade á que se lle intenta transmitir que todos son irmáns no exilio, aínda que os emigrantes sexan exiliados por razóns económicas e non políticas, talvez condicionou a busca dun discurso conciliador que silencia o testemuño dos vencidos na contenda. Deste xeito, o pacto de silencio que permitiu perpetuar o discurso hexemónico dos vencedores na transición española parece que fora xa experimentado polos exiliados galegos, condicionados pola busca desesperada dun receptor para a súa produción, empeñada no obxectivo esencial de defender a cultura galega e procurar a súa supervivencia.

Por outra banda, as mesmas características da situación desde a que viviu a guerra Galicia puideron potenciar o silencio. O feito de que o territorio caese inmediatamente baixo o poder dos sublevados non lles permite a máis mínima acción aos vencidos. Nos textos memorialísticos pódese observar claramente como a actividade organizativa e de defensa da república dura só uns poucos días. Despois xa só hai tres posibilidades: o agocho, a fuxida ou a morte. Con frecuencia, estes testemuños enfróntannos con vívidas escenas da degradación humana. Os homes ás veces encóntranse completamente sós, teñen dificultades para alcanzar algún lugar onde cren que poden encontrar axuda sen caer en mans dos seus perseguidores, deambulan sós polos camiños do monte, coas roupas esnaquizadas, atecidos de frío, famentos, illados do contacto humano, mesmo se cadra presenciando matanzas que non poden evitar. Trátase dunha situación moito máis dura cá vivida desde a camaradaría do combate no territorio da República, mesmo vergoñenta ás veces. Non sería de

¹⁵ A separación por décadas réxese pola data do seu nacemento en 1906, e as súas vivencias durante a guerra relátanse desde a páxina 380, cando recibe a noticia do alzamento estando de agregado na embaixada de Bulgaria, ata a 443, cando explica a súa saída de España cara a Francia xunto coa súa muller coa que casara poucos días antes.

¹⁶ Esta autobiografía en realidade é produto da transcripción que o autor ditou pouco antes do seu pasamento, polo tanto a súa estrutura responde á improvisación do discurso oral.

estrañar que os que non morreron desenvolvesen tamén algún tipo de barreira psicolóxica para fuxir da súa propia memoria e intentasen seguir vivindo mirando cara á diante.

Así as cousas, a maioría das obras son publicadas en Galicia despois do fin da ditadura. Por fin, os

vencidos poden explicar a súa historia, poden dar testemuño da outra versión da Historia e contribuír a regar o dispendio de sementes que quedara esquecido polos camiños de Galicia. Pero despois de tantos anos, lamentablemente, moitas sementes secaron xa sen remedio debaixo da terra ■

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús** (1996). “As musas belixerantes do exilio”. *Cancioneiro da Loita Galega*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro. 5-27.
- Álvarez Gallego, Xerardo** (1972). Vida, paixón e morte de *Alexandre Bóveda*. Bos Aires: Edicións Nós.
- Delgado Gurriarán, Florencio** (1986). *O soño do guieiro*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Díaz Fernández, Xerardo** (1982). *Os que non morreron*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Díaz Fernández, Xerardo** (1985). *A crueldade inútil*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Fernández Pérez, Antón** (1990). *Terra coutada*. Vigo: Galaxia.
- Ferreiro Fente, Xosé Gregorio** (1999). “A poesía de guerra de Lorenzo Varela”. *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Ed. por Álvarez, Rosario e Dolores Vilavedra. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Vol. 2. 529-554.
- Maceira Fernández, Xosé Manuel** (1995). *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Noia, M.^a Camiño** (2002). “A narrativa galega no exilio”. *Galicía, Literatura*. Vol. XXXIV. A Coruña: Hércules. 89-93.
- Noya, Juan** (1996). *Fuxidos. Memoria dun republicano galego perseguido polo franquismo*. Vigo. Xerais. [Caracas, 1976]
- Pita, Emilio** (1972). *Jacobusland*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro [Bos Aires, 1942¹]
- Pita, Emilio** (1999). *Polos camiños do pobo*. Ed. X. M. Maceira. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- Rey Baltar, Ramón** (1939). *A gaita a falare*. Bos Aires: Federación de Sociedades Gallegas.
- Rodríguez Fer, Claudio** (1999). “Escritos de combate de Lorenzo Varela”. *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Ed. por Álvarez, Rosario e Dolores Vilavedra. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Vol. 2. 1321-1343.
- Rodríguez Fer, Claudio** (2001). “Escritores galegos ante a guerra civil”. *Galicía, Literatura*. Vol. XXXIII. A Coruña: Hércules. 24-109.
- Rodríguez, Elixio** (1994). *Matádeo mañá*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez Castelao, Afonso Daniel** (1992). *Sempre en Galicía*. Santiago de Compostela: Universidade / Parlamento de Galicía [Bos Aires: Ed. As Burgas, 1944]
- Santiago, Silvio** (1989 [1977]). *O silencio redimido*. Vigo: Galaxia.
- Seoane, Luís** (1990). *As cicatrices*. Vigo: Xerais [Bos Aires: Citania 1959].
- Tobío, Luís** (1994). *As décadas de T. L.* Vigo: Galaxia.
- Thomson, John Patrick** (2005). “A presenza da Guerra Civil na literatura galega da Pos-Guerra”. *Altera Galiza* (conferencia nas xornadas “República e Liberdade... Sempre!!”, Ourense, 11-IV-2005. Audio). Consulta: 20-XII-2006.
http://www.agal-gz.org/blogues/index.php?blog=5&title=title_2&more=1&c=1&tb=1&pb=1
- Valenzuela, Ramón de** (1989). *Non agardei por ninguén*. Vigo: Xerais [Bos Aires: Citania, 1957].
- Varela, Lorenzo** (1979). *Poesía. Torres de amor* [1942]. *Catro poemas para catro grabados* [1944]. *Lonxe* [1954]. *Homenaje a Picasso* [1963]. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- VV.AA.** (1943). *Cancioneiro da loita galega*. México: Partido Galeguista [facs. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1996].
- Vilavedra, Dolores** (2006). “A Guerra Civil na narrativa galega: un ámbito moral”, *Grial* 170: 128-133.